

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 13 DE MARZO DE 2006

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

2999/04.- **Hermanos Puente Liste, S.L.**- Nave industrial no ámbito do SUNP-37, Sector 1º, parcela 128.-

2438/05.- **Armando Barbazan Lei.**- Rehabilitación viv. unif. sita na R/ Poza Real núm.1-3.-

DENEGADAS.-

461/04.- **Mª Carmen Pazos Sende.**- Legaliza. modificación executadas respecto do proxecto base da licenza de viv. unif. na R/ Calzada de Sar núm.56.-

PARCELACIÓN.-

2533/05.- **Soledad Viaño Calviño.**- Parcela sita no Lugar de Picaños ©.-

CAMBIO DE TITULARIDADE.-

357/06.- **Miguel A. Montes Cabo.**- Viv. unif. en Sta Mª de Vilestro, (novo titular: Miguel Montes Cabo) ©.-

AUTORIZACIÓN Á EMPRESA OBRASCON HUARTE LIÁN, S.A. , ADXUDICATARIA DAS OBRAS “PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE PLATAFORMA DO CORREDOR NORTE-NOROESTE DE ALTA VELOCIDADE, EIXO: OURENSE-SANTIAGO TRAMO: LALÍN-SANTIAGO, SUBTRAMO:BOQUEIXÓN-SANTIAGO” Ó USO DAS VÍAS PÚBLICAS PERTENCENTES Ó CONCELLO.

3.- Contratación de préstamo por importe de 3.000.000 euros.

Adxudícase o contrato de préstamo á entidade Dexia Sabadell, de acordo coa oferta económica presentada, isto é: euribor trimestral máis 0,02%.

4.- Proposta da concelleira de Emigración relativa á adxudicación dunha Asistencia técnica para a coordinación da planificación e programación das actividades a desenvolver no ano 2006 coas asociacións de emigrantes retornados e inmigrantes.

Acórdase contratar unha asistencia técnica coa empresa Campa por importe de 10.616,66 euros durante tres meses para coordinar coas asociacións de emigrantes retornados e inmigrantes a planificación de actividades a desenvolver no 2006.

5.- Proposta da concelleira de reforma administrativa relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación dunha Asistencia técnica para a consolidación da páxina web municipal.

Apróbase o prego e inicio do expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 26.600 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das Obras de pavimentación do acceso a SOGAMA desde a N-550.

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 494.022,55 euros.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Mantemento e Conservación de Vías Públicas 2006.

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 1.100.000 euros.

8.- Proposta do Sr. Alcalde relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de Creación dun arquivo audiovisual do Concello de Santiago de Compostela.

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación do servizo de creación dun arquivo audiovisual establecéndose un tipo de licitación de 30.000 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada de Rexime Interior relativa á contratación do Servizo de preparación física e entramento do persoal de bombeiros e Policía Local do Concello (Do 1 de abril ó 30 de xuño de 2006).

Acórdase adxudicar o servizo á empresa Xade SL por importe de 6.000 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das Obras incluídas no proxecto de Actuacións Puntuais na rúa ALEXANDRE BÓVEDA.

Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación, establecéndose un tipo de licitación de 59.913,99 euros.

11.- Proposta do concelleiro de Deportes relativa á adxudicación dunha Asistencia técnica para o control, seguemento e avaliación técnica das escolas deportivas municipais.

Autorízase a contratación por unha cantidade de 7.350 euros.

12.- Proposta do concelleiro de infraestructuras relativa ó inicio do expediente de contratación das Obras de Reposición do pavimento e nova rede de Saneamento na rúa de TEO, incluídas no Plan de Grandes Cidades 2005 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Apróbase o inicio do expediente para a citada contratación, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo pleno da Deputación Provincial o 26 de maio de 2005, establecéndose un tipo de licitación de 309.465,40 euros.

13.- Proposta da concelleira de Educación e Mocidade relativa ó inicio do expediente de contratación das Obras de construción dunha LUDOTECA no polígono de Fontiñas, incluídas no Plan de Grandes Cidades 2005 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Apróbase o inicio do expediente para a citada contratación, con aplicación do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo pleno da Deputación Provincial o 26 de maio de 2005, establecéndose un tipo de licitación de 692.555,98 euros.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras en relación co expediente de Cesión de terreos para a execución das obras de Nova Impulsión dende a ETAP do Tambre ó depósito do Polígono.

Acórdase aprobar o proxecto e solicitar á presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia o financiamento do 50% do custo das obras, comprometéndose o Concello á entrega dos terreos necesarios para a execución das mesmas, asumir a súa explotación, mantemento e conservación e achegar 408.250 euros coas seguintes anualidades:

Ano 2006: 269.516 euros

Ano 2007: 138.734 euros

15.- Proposta do concelleiro de deportes relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Rehabilitación e ampliación da antiga estación de Cornes para casa do Asociacionismo Veciñal.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 789.251,84 euros.

16.- Proposta dos concelleiros delegados de educación e mocidade e de cultura relativa á solicitude dunha subvención á Deputación da Coruña para actuacións musicais e teatrais para Concellos.

Apróbase a devandita solicitude de subvención, cun orzamento de 11.727 euros por parte de Educación e 2.320 euros con cargo ao Auditorio de Galicia.

17.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Acórdase conceder a prestación económica municipal de 93,42 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada de benestar social relativa á solicitude dun novo convenio de colaboración entre o Concello, o IMSERSO e a Fundación ONCE para a realización das obras de eliminación de barreiras arquitectónicas para 2006.

Acórdase solicitar un novo convenio de colaboración, aprobar os gastos do custo do convenio (71.062,99 euros en concepto do 11% do custo do convenio e 46.910,40 euros en concepto de honorarios) e remitir a documentación pertinente.

19.- Diversas propostas relativas á contratación de persoal.

Acórdase contratar con carácter temporal un administrativo para o Departamento Municipal de Servizos Sociais, e dous traballadores sociais para o Departamento de Servizos Sociais e a UMAD.

21.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda e Orzamentos relativa a bonificación na taxa por recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (TXX 156/2006).

Acórdase conceder a Manuel Vázquez a bonificación do 50% na taxa.

22.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda e Orzamentos relativa a bonificación na taxa por recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (TXX 8/2006).

Acórdase conceder a Antonio Chapela a bonificación do 50% na taxa.